

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 9 DE DECEMBRO DE 2008

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**Lap/267/2006.- Estudio 5 de Gestión y Proyectos, S. A.-** Modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 30-10-06 para construción dun edificio de 44 vivendas no quinteiro 6 do Polígono 1 do SUP-2 de Cornes.

**1759/07.- Laura Bello Bouzas.-** Edificio (6 viv.) na Rúa García Prieto núm.31.-

**612/08.- Genma Lence Barreiro, en repr. Comunidade de propietarios.-** Instalación de ascensor na R/ Dr. Maceira núm.14.-

**2310/08.- Tolroga, S.L.-** Modificación de licenza concedida para construción de nave industrial sen uso determinado na parcela B-39 do SUNP-34 de Boisaca.-

**428/08.- Emilio José Pereira Casqueiro.-** Viv. unif. en Calzada de Combarro núm.8-

**1762/07.- Laura Bello Bouzas.-** Edificio (6 viv.) na Rúa do Penedo núm.6, previa derruba edificación existente.

**Lap/216/08.- Edicións Correo S.A. Sociedade Unipersonal.-** Construción de nave (lic/1450/08) e apertura para rotativa de prensa no Sector 1º do SUNP-37 de Costa Vella, na Rúa Polonia, parcela 98 e 99.

#### PRÓRROGA.-

**Lic/1406/2008.- Saldi Barreira, S. L.-** Construción de 20 vivendas unifamiliares encostadas na Unidade de Xestión nº 16 de Santas Mariñas.

#### DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-

**1578/08.- Antonio Neira y Otros CB.-**.....expte...Lap/61/06.....1.500 €.-

#### SUBSANACION ERRO ACORDO X.G.L DE DATA 19 DE MAIO DE 2008.-

**269/07.- Esther Moure Asorey.-** Viv. unifamiliar no Lugar de Casal do Castiñeiriño, s/n.-

#### APERTURAS.-

**Lap/316/07.- Gruaz Moreira, Sc.-** Apertura de cafetería en Rúa San Roque núm.37-baixo.-

### OCIHR

#### LICENZAS.-

**LIC/160/2008.- CENTRO CULTURAL JUAN XXII.-** Reforma e mellora de accesibilidade para un centro de día-albergue Xuan XXIII sito na rúa dos Castiñeiriños.

**LIC/840/2008 e LAP/286/2008.- SAN ISIDRO GALICIA S.L.-** Licenza de obra e de apertura para rehabilitación de edificio para uso socio-cultural sito na rúa de Xelmírez, 11- Rúa da Conga, 9

**5.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.**

Apróbanse axudas para o mantemento de dous edificios.

**6 a 103.-Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, beneficios fiscais no imposto sobre bens inmoables, beneficios fiscais no lixo, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.**

Concéndense os devanditos beneficios.

**104.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á estimación dun recurso de reposición interposto contra unha liquidación en concepto de IBI.**

Estímase o recurso.

**105.- Adxudicación Provisional do servizo de coordinación e supervisión dos proxectos derivados do convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello de Santiago de Compostela que permitan cumprimentar as necesidades previstas pola celebración do ano santo 2010.**

Adxudícase provisionalmente do contrato de referencia á empresa CONTROL Y ESTUDIOS (CYE), SL, por importe de 59.400 euros (máis 16% do IVE).

**106.- Adxudicación definitiva do Servizo de deseño, edición e impresión de 35.000 calendarios de mesa do ano 2009.**

Elévase a definitiva a adxudicación provisional do contrato de referencia por importe de 32.924,25 euros (máis 16% de IVE) subscrito coa empresa MARÍA PIÑEIRO MOURELLE, SL.

**107.- Adxudicación definitiva das Obras de ampliación do cinturón de abastecemento en VIDAN.**

Elévase a definitiva a adxudicación provisional do contrato de referencia subscrito coa empresa AQUAGEST, SA, por importe de 95.060,98 (máis 16% de IVE).

**108.- Adxudicación definitiva do servizo de desenvolvemento do programa NADALXOGO 2008.**

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á María Carmen García Vicente por importe de 43.103,45 euros (máis o 16% de IVE).

**109.- Adxudicación definitiva do Servizo para completar a elaboración do inventario informatizado sobre a base dun catastro previamente revisado dos bens e recursos que integran o patrimonio municipal do solo do Concello de Santiago.**

Elévase a definitiva a adxudicación provisional do contrato de referencia subscrito con María José Freire-Garabal Núñez por un importe de 20.600 (máis o 16% do IVE) e un prazo de execución de nove meses e medio.

**110.- Toma de coñecemento do cambio de denominación social dunha empresa.**

Tómase en coñecemento do cambio de denominación social dunha empresa de UPO ATLÁNTICO, SL, a COESISA, SL.

**111.- Concertación de operación de préstamo do ano 2008.**

Concértase un préstamo por importe de 6.340.000 con Caixa Galicia.

**112.- Proposta da concelleira delegada de Muller relativa á aprobación do orzamento para a elaboración dunha análise para a redacción de PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.**

Apróbbase o orzamento para a elaboración dunha análise sociolóxica-social para asentar as bases para a redacción do Plan de Municipal de Igualdade de Oportunidades 2009/2011 por importe de 12.064. Adxudícase o contrato á Universidade de Santiago de Compostela.

**113.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación da sinatura do Anexo de protección de datos de carácter persoal para o ficheiro INCLUSIÓN SOCIAL.**

Apróbase a sinatura do anexo de protección de datos de carácter persoal para o ficheiro de inclusión social entre a Secretaría Xeral do Benestar e o Concello.

**114.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación das listas de solicitantes de vivendas de promoción económica pública de Salgueiriños.**

Apróbanse as listas de solicitantes das vivendas de promoción pública de Salgueiriños. Ábrese un prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación, durante o cal os interesados poderán presentar reclamacións.

**115.- Xustificación das subvencións de prevención de incendios forestais 2008.**

Xustifícanse as devanditas subvencións

**116.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación relativa á xustificación dos gastos do convenio entre o Concello e a Xunta de Galicia para tramitar expedientes de rehabilitación e financiar os gastos de mantemento das oficinas municipais-portelos únicos de vivendas 2008.**

Xustifícanse os devanditos gastos.

**117.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa ao aboamento da liquidación de 2007-2008 do transporte metropolitano,e solicitude á Xunta de Galicia do aboamento por compensación dos servizos dentro do Convenio do devandito transporte.**

Abóanse 8.855,02 euros correspondentes á liquidación do ano 2007 e solicítase o aboamento de 117.722,50 euros como compensación á oferta dos servizos ofrecidos polo Concello no marco da licitación do transporte urbano.

**118.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación do convenio entre a Concellaría e GESTIÓN DE MECENAZGO,S.L. para instalar en parques elementos de recolleita de residuos sólidos contaminantes.**

Apróbase o convenio de colaboración entre a Concellaría de Medio Ambiente e a entidade mercantil Gestión y Mecenazgo SL, para a instalación en parques de elementos cunha dobre función: informativa e de recolleita de residuos sólidos contaminantes.

**119.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á ampliación do prazo de execución das obras de construción e xestión dun aparcamento na Choupana.**

Amplíase o prazo de execución das obras do devandito contrato, que se estenderá ata o 12 de abril de 2009.

**120.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación definitiva do expediente complementario de extinción de dereito de arrendamento no expediente de expropiación da Casa do Cabildo e aceptación de indemnización por mutuo acordo.**

Apróbase definitivamente o expediente complementario iniciado por un arrendatario que se valora na cantidade de 122.800 euros e declárase rematado convencionalmente o expediente administrativo.

**121.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á adhesión do Concello á ASOCIACIÓN TERRAS DE COMPOSTELA.**

Acórdase a adhesión do Concello á Asociación Terras de Compostela e noméase aos concelleiros Elvira Cienfuegos e Xosé Manuel Iglesias como representantes municipais.

**122.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á autorización para celebrar o "I TORNEO DE NADAL DE CHAVE".**

Autorízase á Asociación Xogos Tradicionais de Compostela a organización do I Torneo de Nadal de Chave na nave A do recinto Feiral de Amio o vindeiro 20 de decembro.

**125.- Dar conta da autorización para ocupar unha parte da parcela 429 da zona de concentración parcelaria de NEMENZO-MARANTES para ubicar a estación depuradora de augas residuais.**

Dáse conta da autorización pola Sociedade Anónima Xestora Bantegal da ocupación de 300 metros cadrados no linde noroeste da parcela 429 da zona de concentración parcelaria de Nemenzo-Marantes para a ubicación da Estación Depuradora de Augas Residuais.

**126.- Dar conta da concesión ao Concello dunha subvención pola FEMP para o proxecto "STOP OBESIDADE INFANTIL".**

Dáse conta da concesión dunha axuda de 6.940,80 euros no marco do Convenio entre o Ministerio de Sanidade e Consumo e a FEMP para o proxecto "Stop obesidade infantil" que inclúe o programa "Comer cos 5 sentidos".

**127.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL.**

Dáse conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Fundación Eugenio Granell e o Concello de Santiago para atender o funcionamento e mantemento da Fundación durante o período comprendido entre os anos 2008 e 2011. Aportación do Concello sinalada no convenio: 94.356 euros.

**128.- Dar conta da sinatura do Protocolo marco de colaboración entre a FUNDACIÓN COMPOSTELA DEPORTE e os Concellos de Santiago, Ames, Teo, Oroso, Vedra e O Pino.**

Dáse conta da devandita sinatura.

**URXENCIAS**

**1.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión da gratuidade a alumnos de diversos colexios para formar parte do programa Á AUGA PATOS.**

Concédesse a gratuidade a 17 alumnos.

**2.- Contratación do aluguer dos locais da estación de autobuses que utilizan diversos departamentos municipais.**

Formálzase con Tussa o aluguer.

**3.-Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á adxudicación do arrendamento de carrozas para a cabalgata de Reis 2009.**

Adxudícanse a Carrozas Esteban (24.267,24 euros) e a Construcciones Artísticas do Noroeste (16.000 euros).

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á prorroga do convenio entre o Concello e a Xunta de Galicia en materia de subministración de enerxía eléctrica para dependencias do estadio de San Lázaro.**

Prorrógase o convenio.

**5.- Proposta da concelleira delegada dos CSC relativa á aprobación do programa de NADAL dos centros socioculturais 2008.**

Apróbase un orzamento de 21.033,80 euros.

**6. Instalación da Pista de Xeo.**

Adxudícase a instalación á empresa XADE, por importe de 12.931 máis IVE (estará instalada no recinto feiral de Amio do 19 de decembro ao 25 de xaneiro).